

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de outubro de 2013
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o once de outubro do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández, en substitución de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día catro de de setembro de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CELANOVA.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente n.º 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 28.000,00 euros a favor do Concello de Celanova, para os gastos de funcionamento da Gardería Infantil correspondentes ao ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención ó Concello de Celanova, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de outubro de 2013
--

-Importe: 28.000,00 €.

-Obxecto: os gastos de funcionamento da Gardería Infantil correspondentes ao ano 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2013.

3.- MODIFICACIÓN DA TECNOLOXÍA DO PROXECTO OBXECTO DA SUBVENCIÓN E CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO, CON DATA 12 DE XULLO DE 2013, Á ESTACIÓN INVERNAL MANZANEDA, S A, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE INNOVACIÓN OCA NOVA MANZANEDA.-

Primeiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno con data 12 de xullo de 2013, concedéuselle á Estación Invernal Manzaneda, S A, unha subvención por importe de 150.000,00 euros para a realización do proxecto de innovación Oca Nova Manzaneda.

Segundo.- A Estación Invernal Manzaneda, S A, tendo en conta que por problemas técnicos, en canto a infraestruturas e redes de comunicación que atoparon ao iniciar o proxecto, que lle ocasionaron un cambio de obxecto no proxecto inicial, é polo que, con data 27 de setembro de 2013, presenta unha nova petición á Deputación, na que solicita:

a) Unha prórroga para a presentación da xustificación da subvención concedida, do 31 de outubro ao 30 de novembro de 2013.

b) A modificación do obxecto da subvención concedida á dita entidade pola Xunta de Goberno con data 12 de xullo de 2013, consistente en pasar da tecnificación total da estación á tecnificación parcial.

Terceiro.- Unha vez vistas as solicitudes formuladas polo representante da mencionada entidade e, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións, que as ditas solicitudes cumpren co establecido na lexislación de subvencións

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 11 de outubro de 2013
--

e nas bases de execución dos orzamentos, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do seguinte:

- **Concesión de prórroga á Estación Invernal de Manzaneda, SA, ata o día 30 de novembro de 2013, para a presentación da documentación xustificativa da subvención concedida** por acordo da Xunta de Goberno con data 12 de xullo de 2013.
- **Cambio ou modificación da tecnoloxía e instalacións do proxecto**, en canto non supón unha modificación substancial do obxecto da dita subvención.

4.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

5.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e vinte minutos, do referenciado día once de outubro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,